



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000144

Serie A N.º 3177100



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE XANEIRO DO DOUS MIL VINTE: - -

=====

**PRESIDENTE:**

D. Telmo Martín González

**CONCELLEIROS/AS:**

- D. Juan Antonio Deza Otero
- D.ª María Paz Lago Martínez
- D. Daniel Arosa Dasilva
- D.ª María Deza Martínez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D.ª Flavia Besada Otero
- D. Oscar Vilar Sartages
- D. Jaime Leiro Otero
- D.ª Paula Martínez Santos
- D.ª Ainhoa Fervenza Celestino
- D.ª Marta Caneda Prieto
- D. Fernando Otero Montes
- D.ª Sandra Fernández Agraso
- D.ª Andrea Ucha Bouzada
- D.ª Vanessa Rodríguez Búa

**INTERVENTOR:**

D. José Juan Vidal Vilanova

**SECRETARIO ACCTAL.:**

D. Luís - Ángel Sabariz Rolán

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as oito horas e trinta e cinco minutos do día dezasete de xaneiro de dous mil vinte, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ,** reuníronse os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

-----

-----

-----



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000145

Serie A N.º 3177101

Antes de comezar a sesión tomou a palabra o **Sr. Alcalde** para dicir que se ía gardar un minuto de silencio para lembrar o crime de violencia machista ocorrido en A Pastoriza, onde foi a vítima, Dna. Manuela Iglesias Fernández.

Rematado o minuto de silencio informou o **Sr. Alcalde** de que chegara na mañá de hoxe a credencial emitida pola Xunta Electoral Central a prol de D. Yago Torres Pérez para seren membro da corporación. Comunicou que en días sería presentada a documentación correspondente para a toma de posesión na vindeira sesión plenaria.-----

## **A) ACTA ANTERIOR :**

**1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 25 DE NOVEMBRO DE 2019 :** Polo **Sr. Presidente** preguntouse aos asistentes á sesión se tiñan que formular algunha observación aos borradores das actas que se sometían a aprobación.

A **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo PSdeG-PSOE**, manifestou que no parágrafo terceiro do punto tratado sobre os orzamento xerais había un erro (folio número 102) pois na acta reflíctese que non lle importaba intervir primeiro, pero que sempre se comezou “de menor a maior”, cando o que dixo foi “de maior a menor”. Por unanimidade, acordouse corrixir o erro.

A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto**, indicou que non se recollía no punto oitavo de mocións o texto íntegro da súa moción relativa á adecuación da toma de decisións en materia de seguridade viaria ás esixencias legais de motivación. Por unanimidade acordouse que se incorporase dito texto (folio número 136 do documento), quedando do seguinte xeito:

“Dª Vanessa Rodríguez Búa, concejal de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, incluído en el Grupo Mixto del Ayuntamiento de Sanxenxo, presenta al Pleno del Ayuntamiento la presente MOCIÓN para su debate y aprobación, si procede, de acuerdo con la siguiente

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Todos hemos sido testigos de cómo en nuestro municipio, el actual grupo de gobierno ha tomado numerosas decisiones, especialmente en materia de Seguridad Vial) sin motivación alguna, sin explicar el por qué de las mismas a los ciudadanos.

Dichas decisiones tampoco se han basado en Informe técnico alguno que hubiese podido respaldar las mismas desde un punto de vista técnico y profesional.

No estamos ante un fenómeno puntual, sino ante un hábito en el modus operandi del actual alcalde, que desatendiendo totalmente los requisitos legales que sus actuaciones deben revestir, toma decisiones de forma totalmente arbitraria, lo que en cuestiones de vital importancia, como es la Seguridad Vial, puede suponer un peligro directo para la vida de los vecinos y visitantes de nuestro municipio.

Prueba de que este desprecio por la ley y por su deber de dar explicaciones a los vecinos ha sido una tónica constante en el ejercicio de la labor del actual alcalde, es que hay ejemplos de decisiones tomadas de esta forma desde el principio del ejercicio de su cargo (por ejemplo: el paso de peatones de la Calle Consistorio) hasta hoy (nos referímonos a la sorpresiva nueva regulación de sentidos de las principales calles del núcleo urbano de Sanxenxo de este verano).



**PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS**



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000146

Serie A N.º 3177102



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS

En este sentido, creemos necesario recordar que el artículo 7 de la Ley de Seguridad Vial es el que recoge las competencias de los Municipios en materia de tráfico. La redacción actual de dicho precepto incluye seis apartados, entre los que, a los efectos de la presente moción, destacamos los dos primeros:

- 1.La ordenación y el control del tráfico en las vías urbanas de su titularidad, así como su vigilancia por medio de agentes propios, la denuncia de las infracciones que se cometan en dichas vías y la sanción de las mismas cuando no esté expresamente atribuida a otra Administración.
- 2.La regulación, mediante Ordenanza Municipal de Circulación, de los usos de las vías urbanas.

Por lo tanto, según la Ley de Seguridad Vial, a los Ayuntamientos les corresponden dos atribuciones:

-La "ordenación del tráfico" que consiste en la adopción de medidas que tienden a organizar y distribuir las corrientes de vehículos y peatones en relación con el espacio disponible (la vía)

-La "regulación del tráfico", que comprende cuanto se dirige a organizar y distribuir las corrientes de circulación con relación al tiempo.

Los Municipios ejercen ambas atribuciones a través de sus correspondientes servicios municipales de tráfico, en nuestro caso la Concejalía de Seguridad Vial, y, fundamentalmente, de la Policía Municipal que, según el artículo 53.1 de la Ley Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Fuerzas y Cuerpos de la Seguridad, es la encargada de "ordenar, señalizar y dirigir el tráfico en el casco urbano, de acuerdo con lo establecido en las normas de circulación".

Los objetivos básicos de la ordenación del tráfico son:

- 1.El aumento de la seguridad vial.
- 2.Y la mejora del nivel de servicio de las vías o aprovechamiento óptimo de las mismas, evitando también otros problemas como la congestión y la contaminación ambiental

Todas las decisiones que por parte del gobierno municipal se tomen en relación con el ejercicio de sus funciones de ordenación y regulación del tráfico constituyen actos administrativos en ejercicio de su potestad discrecional, que por obligación legal deberán estar motivados (art. 35 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre).

Por motivación se puede entender, según el Diccionario del español jurídico de la RAE y el CGPJ, la "exposición de las razones o fundamentos en que se basa una decisión" y, por motivación del acto administrativo, la "obligación del órgano que adopta la decisión de incluir en ella una exposición sucinta de los hechos y fundamentos jurídicos en los que se basa".

Para nuestros Tribunales Constitucional y Supremo, La motivación es una garantía en contra de la arbitrariedad, ya que la potestad discrecional implica una facultad de opción entre dos o más soluciones igualmente válidas, según la ley, pero como la discrecionalidad no puede equivaler nunca a arbitrariedad, se puntualiza que el ejercicio de la potestad discrecional exige que el acto en que se concreta el ejercicio de esa potestad sea siempre razonado y argumentado (STS de 20 de septiembre de 1994 y STC de 27 de marzo del 2000).

Los jueces han admitido que la motivación puede estar en el propio acto o bien que incluso pueda realizarse por referencia a informes o dictámenes elaborados por profesionales en la materia objeto de decisión, y así, por el Tribunal Constitucional, en su sentencia de 03/05/1993, se ha admitido dicha posibilidad de motivación por remisión.

“Por lo expuesto, el grupo municipal Ciudadanos eleva al Pleno del Ayuntamiento los siguientes **ACUERDOS**

**PRIMERO.-** El Ayuntamiento se compromete a que toda toma de decisión, especialmente en materia de Seguridad Vial, sea motivada adecuadamente y venga refrendada por informes elaborados por profesionales en la materia objeto de decisión.

**SEGUNDO.-** El Ayuntamiento se compromete a dar publicidad a tales decisiones con la suficiente antelación y, en su caso, permitirá a los vecinos conocerlas y presentar alegaciones al respecto.”

Non houbo máis intervencións sobre correccións, e, deste xeito, considerouse aprobada a acta anterior por unanimidade con estas dúas correccións.-----



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000147

Serie A N.º 3177103

**B) PARTE DISPOSITIVA:**

**2º) EXPTE. NÚM. 2019008170: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA “ORDENANZA MUNICIPAL DE FOMENTO DA CONVIVENCIA CIDADÁ” : O Sr. Secretario deu conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 21 de xaneiro de 2020.**

Logo de lembrar o **Sr. secretario** que este asunto quedara sobre a mesa no pleno ordinario de 25 de novembro do 2019 por un erro na transcripción do documento, indicou a **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG**, que en dito pleno debatiuse unha cuestión formal, pero que aínda non se había debatido, daquela, o fondo do texto da ordenanza.

Falou a continuación a **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, para dicir que o texto fora tratado en varias comisións e fixo referencia a que o que se trataba era de evitar actitudes en contra da convivencia (como, por exemplo, as despedidas de solteiro/a que prexudiquen o decoro público), garantindo os comportamentos cívicos.

A **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, manifestou que hai unha certa ausencia de linguaxe inclusivo no texto e que tamén deberíase facer máis referencia á protección das mulleres maltratadas. Seguiu dicindo que ao non contarse con “carrís bici” no municipio, non se debe prohibir taxativamente o feito de desprazarse en bicicleta, que é unha actividade saudable. Tamén dixo que deberíase recoller a problemática que representa a circulación de coches mecanizados para nenos no entorno do Porto Deportivo de Sanxenxo na época estival. En canto á normativa sobre a vestimenta, opinou que podía haber problemas interpretativos co termo “parcialmente espido”, ao non explicitarse este tema da vestimenta. Considerou entendible impedir disfraces con motivos sexuais inapropiados, agás no entroido, pero estimou que tamén deberían tolerarse nos supostos de algunhas festas LGTBI. Rematou preguntándose que ía suceder coas bombas de palenque.

Tomou a palabra a **Sra. Fernández Agraso**, para falar do fondo do texto da ordenanza, indicando que non se concretaba o de prohibir os xogos en espazos públicos que causen molestias aos veciños e peóns ou mesmo si se está a falar de xogar ao balón, andar en bicicleta, ou divertirse con outro tipo de xogos populares, polo que así non sabe cales son os xogos prohibidos. Indicou que o espido integral xa ven descrito na lei, pero preguntouse que é o espido parcial que contempla a ordenanza, aclarando que os órganos xenitais deben estar tapados, pero que ocorre, por exemplo, cos bikinis ou co vestiario que deixa á vista a zona dos glúteos. Manifestou tamén, que na súa opinión, cada unha debe vestir como considere, respectando o Código Penal, engadindo que parece que o Partido Popular quere impoñer a vestimenta das persoas cando hai xurisprudencia de que iso vai en contra da liberdade individual. Pola inseguridade xurídica que transmite o texto da ordenanza, anunciou que ían votar en contra.

A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto**, afirmou que ela daríalle outro enfoque á ordenanza, pero que aínda recoñecendo que pode haber arbitrariedades que dean lugar a conflitos, a realidade e que hai que ir cara adiante, pois no futuro pódense ir aclarando inconcrecións e valorando a aplicación da ordenanza na práctica.



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓNS  
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000148

Serie A N.º 3177104

A Sra. **Deza Martínez**, manifestou que ela non desexaba entrar nas liberdades individuais, dicíndolle á voceira nacionalista, que resulta contraditorio que a súa formación non apoie a Constitución Española cando gobernan, e que apele á mesma neste caso. Seguiu dicindo, que non está de acordo co da arbitrariedade, incidindo en que a ordenanza foi enviada para o seu estudo á oposición, falouse en comisións e de aquela nada se dixo. Considerou acertado o comentario da Sra. Rodríguez Búa, lamentando que os achegamentos non se fixeran antes, dando a sensación que o texto no se leu a fondo no seu día. Rematou dicindo que cando entre en vigor o documento haberá que analizar como funciona pois sempre vai ser un documento vivo con posibilidade de modificacións “se funciona mal”.

A Sra. **Fernández Agraso**, lembrou que xa falou da vestimenta nas comisións, e que no pleno do 25 de novembro do 2019, xa traía estudadas as cuestións de fondo, pero non se trataron polos erros na forma. Rematou dicindo, que quedaba preocupada polo asunto das sancións, pois coa xurisprudencia actual, pode haber problemas.

Rematou o debate coa intervención da Sra. **Deza Martínez**, que informou que a ordenanza estaba baseada na de Valladolid, texto que foi recorrido pero por temas fundamentalmente de mendicidade, e con poucas referencias ao vestiario.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. **Presidente** someteu a referida proposta da alcaldía a votación, acadándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

**Votos en contra: 02 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

**Abstencións: 04 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia e pola **maioría absoluta dos membros de dereito da corporación**, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar Inicialmente a “**ORDENANZA MUNICIPAL DE FOMENTO DA CONVIVENCIA CIDADÁ**”, que se achega a esta proposta e que consta de **35 Artigos, unha disposición derogatoria única e unha disposición final.**

**SEGUNDO:** Expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o expediente, para os efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobada a ordenanza no caso de que estas non se producisen.

**TERCEIRO:** A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o texto íntegro da “**ORDENANZA MUNICIPAL DE FOMENTO DA CONVIVENCIA CIDADÁ**”, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.-----



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000149

Serie A N.º 3177105

3º) **EXPTE. NÚM. 2019008814: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA CREACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO PLENO DO CONCELLO DE SANXENXO : O Sr. Secretario deu conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 21 de xaneiro de 2020.**

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que o acordo que se propón é unha cuestión máis do cumprimento da legalidade en materia de contratación.

A **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que a proposta debía ir acompañada dun informe xurídico. Indicou que non lle parecía ético, aínda que si legal, que o alcalde sexa o presidente da mesa, e logo, en varios casos, sexa o órgano de contratación. Afirmou, que de acordo, coa disposición adicional 2ª.7 da LCSP, ten que haber tres vogais, figurando só dous na proposta, e que de incorporar persoal non funcionario, ten que existir un informe que xustifique a necesidade. Manifestou que estaba en contra da proposta, solicitando que quedase o asunto sobre a mesa polo incumprimento exposto e ata que se corrixa a situación.

A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal do Grupo Mixto**, indicou que estabamos ante un trámite, falando, do número par ou impar da composición dos órganos colexiados.

O **Sr. presidente**, indicou que realmente este é un tema técnico que ten o visto bo da secretaría municipal e que, polo tanto, procede a súa aprobación, deixando claro que o seu desexo é que se cumpra a legalidade en canto á composición da mesa e aos requisitos dos seus integrantes.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a referida proposta da alcaldía a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

**Votos en contra: 0.**

**Abstencións: 06 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia e pola **maioría absoluta dos membros de dereito da corporación**, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

**1º) Crear o Órgano de Asistencia denominado “Mesa de Contratación”**, para os procedementos de contratación aberto, aberto simplificado, restrinxido, de diálogo competitivo, negociado con publicidade e de asociación para a innovación.

**2º) Designar como membros da Mesa de Contratación**, tendo en conta o disposto no artigo 326 de la LCSP, os seguintes:

- **O Presidente da Mesa:** o presidente do Pleno, o alcalde-presidente do Concello de Sanxenxo, Telmo Martín González. Como suplente a primeira tenente alcaldesa-presidenta, a concelleira de planificación territorial e infraestruturas, María Deza Martínez.



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000150

Serie A N.º 3177106

- **A Secretaria da Mesa:** o persiña dependente do órgano de contratación, do departamento de Contratación titular, Esther Area Fontán. Como suplente, Carlos Granjel Dios.
- **Os Vogais:**
  - o O Interventor xeral, José Juan Vidal Vilanova. Como suplente, o funcionario da Intervención municipal, Celso Lede Porto.
  - o O Secretario xeral, Ángel Luis López Pita. Como suplente, o tesoureiro municipal, Luís Ángel Sabariz Rolán.

**3º) Crear o Órgano de Asistencia denominado “Secretario/Custodio”,** para os procedementos de contratación aberto simplificado do artigo 159.6 da LCSP, e para aqueles que a creación da Mesa sexa potestativa.

**4º) Designar como Secretario/Custodio:** o persoal dependente do órgano de contratación, do departamento de Contratación titular, Esther Area Fontán. Como suplente, Carlos Granjel Dios.

**5º) Proceder o alta dos OA, mediante a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, así como a de todos seus membros ou usuarios.** -----

### **C) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:**

**4º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 18 DE SETEMBRO AO 31 DE OUTUBRO DE 2019 (DE RES. N.º 2.185/19 A RES. N.º 2.587/19) :** O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía** ditadas desde o **18 de setembro ao 31 de outubro de 2019**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

**A Corporación deuse por decatada.**-----

### **M O C I Ó N S :**

**1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA A INSTAURACIÓN DO “CONCELLO ITINERANTE” (R. ENTRADA NÚM. 2020000727 DO 24/01/2020) :** A Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto, deu lectura á moción que literalmente



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000151

Serie A N.º 3177107

di:

""D<sup>a</sup> Vanessa Rodríguez Búa, concejal de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, incluído en el Grupo Mixto del Ayuntamiento de Sanxenxo, presenta al Pleno del Ayuntamiento la presente MOCIÓN para su debate y aprobación, si procede, de acuerdo con la siguiente

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Los principios de la Administración Pública de España son un conjunto de principios jurídicos que rigen la actuación de la Administración Pública de España, y que se encuentran recogidos en una amplia variedad de textos legales, principalmente en la Constitución, en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, y en la ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.

En relación con los ciudadanos, se destaca especialmente que la Administración Pública deberá actuar con criterios de eficiencia, y servicio al ciudadano, con especial atención al respecto del principio de transparencia y participación.

Es evidente por tanto que nuestro ordenamiento jurídico, establece para nuestras Administraciones Públicas, entre las que se encuentran los ayuntamientos, una obligación de prestar un servicio eficaz a los ciudadanos.

Para la observancia de dicha obligación y analizando las características de municipios como el nuestro, en el que se combinan aspectos urbanos y rurales, en el que no existe una alternativa de transporte público que posibilite a los vecinos acercarse al centro de Sanxenxo, los miembros de la corporación municipal deberán articular medios que faciliten el acceso a la Administración.

En este sentido, consideramos necesario la implantación de la figura del "Concello Itinerante", que consistiría en el desplazamiento del alcalde y sus concejales delegados a cada una de las parroquias de nuestro municipio de forma periódica. Se establecería un calendario, según el cual un día a la semana (por ejemplo, todos los lunes), en horario de 10h a 13h, el alcalde y sus concejales delegados acudirían consecutivamente a los siguientes establecimientos:

Casa da Cultura de Adina  
Casa da Cultura de Bordóns  
Casa da Cultura de Dorrón  
Casa da Cultura de Nantes  
Casa As Canteiras de Noalla  
Centro Multiusos de Portonovo  
Edificio de Medio Ambiente de Villalonga

Dicho mecanismo permitiría acercar la administración a los ciudadanos y facilitarles el acceso a la misma, dando un eficaz cumplimiento a sus derechos, ya que garantizaría la presencia del grupo de gobierno en cada uno de los lugares de nuestro municipio con una periodicidad concreta.

Debe ser la Administración la que se acerque al ciudadano y se ponga a su disposición y no al contrario.

Por lo expuesto, el grupo municipal Ciudadanos eleva al Pleno del Ayuntamiento los siguientes **ACUERDOS**

PRIMERO.- El Ayuntamiento se compromete a poner en marcha en el plazo de un mes la figura del "Concello Itinerante" en los términos recogidos en la parte expositiva de la presente moción. En Sanxenxo, a 27 de enero de 2020.""

Rematada a lectura, a **Sra. Rodríguez Búa** pasou a xustificar a urxencia, dicindo que neste municipio, sen transporte público dende os distintos lugares á Casa do Concello, os veciños teñen dificultades para trasladarse ao consistorio polo que é unha necesidade que os políticos reciban á xente nos seus lugares para expoñer as súas inquiredanzas ou suxestións, lembrando que cando ela formou parte do goberno facíase con éxito este labor.

De seguido o **Sr. Presidente** someteu a **urxencia da moción a votación**, aprobándose por **unanimidade**.



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓNS  
LOCAIS





(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000152

Serie A N.º 3177108

Logo de reiterarse a **Sra. Rodríguez Búa** na necesidade, a **voceira socialista a Sra. Fervenza Celestino**, expuxo que non consideraba tan necesaria esta itinerancia, porque o servizo que se presta nas dependencias municipais é suficiente para as xestións dos veciños. Anunciou que o seu grupo íase abster, tendo en conta, en todo caso, que tamén os veciños das distintas aldeas terían un desprazamento considerable para acudir ás oficinas itinerantes.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que estaría ben diversificar as oficinas se esta administración local fose inaccesible, aclarando que isto non é así, porque aquí chaman ao alcalde ou a algún concelleiro ou concelleira e este, vai a súa casa a resolver o problema. Indicou que os integrantes do equipo de goberno non só escoitan, senón que resolven, debendo ser considerados, tanto ao alcalde como aos concelleiros e concelleiras, itinerantes. Rematou dicindo que na época á que se refire a Sra. Rodríguez Búa, moitas das reunións anunciadas en sedes itinerantes non se fixeron e ademais de pouco serviron.

Discrepou da opinión da concelleira popular a **Sra. Rodríguez Búa** lembrando que na súa época houbo unha primeira rolda de visitas na que ía o alcalde e catro concelleiros e concelleiras, e que a xente o agradecía. Dixo tamén que a moción se presentaba para facilitar as xestións dos veciños que poden así saber o día e hora en que poden ser escoitados. Indicou, que na actualidade, cando se chama ao concello, os concelleiros e concelleiras, “van ou non van”, seguíndose un criterio descoñecido ou incluso arbitrario.

A **Sra. Deza Martínez**, manifestou que nesta etapa existe unha mesa de concelleiros a disposición da veciñanza, no primeiro andar da casa do concello. Sempre está no edificio do concello o alcalde ou un concelleiro/a para atendelos, e incluso despois resolvense os seus problemas con visitas a súa casa. Rematou dicindo que a xente está satisfeita, e os resultados electorais están aí por algo.

A **Sra. Rodríguez Búa** preguntouse: “que diferenza hai que haxa un concelleiro/a sentado nunha mesa na casa do concello cando é mellor levar dita mesa aos lugares?”. Recalcou que non lle ve problema en levar a cabo a medida solicitada e que cada un poderá valorar a iniciativa.

O **Sr. Alcalde** amosouse partidario de rexeitar a moción, pois el mesmo, ou os concelleiros e concelleiras, visitan as casas particulares, os negocios, as industrias, os comercios... cando é necesario. Convidou a Sra. Rodríguez Búa, a que lle acompañe un fin de semana, para que comprobe “os percorridos que realizo e o número de persoas coas que falo”. Informou das tarefas organizativas que realiza cara os veciños a súa xefa de gabinete e o gran labor da telefonista que clasifica os problemas para que logo sexan resoltos. Recalcou que dos mais de 17.000 veciños e veciñas que ten Sanxenxo, uns 150 son (“case sempre os mesmos”) os que expuxeron solicitudes de actuacións. Rematou dicindo que dende a casa do concello se coordinaban as necesidades con todo o persoal, coa policía local e cos servizos de axuda no fogar, salientando que ten unha gran preocupación, sobre todo, coas necesidades das persoas que viven soas.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 03 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).**



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000153

Serie A N.º 3177109

**Abstencións: 03 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE).**

En consecuencia, a moción non resultou aprobada.-----



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS

**2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN ÁREA DE XOGO PARA A PRÁCTICA DO DEPORTE DA PETANCA (R. ENTRADA NÚM. 2020000774 DO 27/01/2020) : A Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto, deu lectura á moción que literalmente di:**

“Dª Vanessa Rodríguez Búa, concejal de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, incluído en el Grupo Mixto del Ayuntamiento de Sanxenxo, presenta al Pleno del Ayuntamiento la presente MOCIÓN para su debate y aprobación, si procede, de acuerdo con la siguiente

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Con anterioridad a las elecciones, un grupo de vecinos de la parroquia de Nantes estuvo reunido en diversas ocasiones con miembros del grupo de gobierno, en concreto con Silvia Freire, Jaime Leiro y el mismo alcalde, Telmo Martín, quienes le prometieron la construcción de un área de juego en la zona de la Cachada para la práctica del deporte de la petanca.

A pesar del tiempo transcurrido, y de que el propio Concello había informado a los vecinos de que los materiales para la construcción de dicha área de juego ya habían sido adquiridos por el Concello, con antelación a las pasadas elecciones, no se han iniciado todavía los trabajos para su construcción.

La construcción de un área de juego para la práctica de la petanca es una actuación con diversos beneficios para nuestra población, ya que se trata de un ejercicio físico practicado con frecuencia por las personas mayores, un sector cada vez más importante de nuestra sociedad, y aporta beneficios específicos para el cuerpo y la mente, ya que al igual que cualquier actividad deportiva u otras aficiones, es buena para la salud por diversos motivos:

-La petanca implica movimiento. Cuando se juega hay que moverse a lo largo de la extensión de juego. Si se juegan dos o tres partidas la distancia equivale aproximadamente a una hora y media de actividad física moderada, matizan los expertos. De hecho, en el caso de prolongarse en el tiempo y estar entre cinco o seis horas jugando, en las que además de desplazarse hay que estar levantándose o agachándose, estamos añadiendo un importante gasto energético, lo que es bueno para quemar calorías.

..Además cuando jugamos a la petanca desarrollamos una serie de habilidades tanto físicas como mentales que sobrepasan el mero entretenimiento. Se trabaja por ejemplo la vista y el sentido del tacto, y se estimula la concentración y el pensamiento lógico.

-Al tirar la bola se mueve parte del cuerpo, las manos, el brazo y en el impulso del lanzamiento, se está incidiendo en el equilibrio y la fuerza.

-Otra de las ventajas de la petanca es que se socializa.

Ante los evidentes beneficios de la práctica de este deporte, el bajo coste relativo de llevar a cabo esta actuación y la importancia de cumplir ante los vecinos cuando se les ha prometido algo con anterioridad a unas elecciones, creemos que debe llevarse a cabo la ejecución de la obra prometida con la mayor celeridad.

Por lo expuesto, el grupo municipal Ciudadanos eleva al Pleno del Ayuntamiento los siguientes ACUERDOS

PRIMERO.- El Ayuntamiento se compromete a construir un área de juego para la práctica del deporte de la petanca en la zona de A Cachada de Nantes en el plazo más breve posible. En Sanxenxo, a 27 de enero de 2020.””

Xustificou a urxencia a **Sra. Rodríguez Búa**, manifestando que había unha petición en O Santo, cuxa veciñanza estaba decepcionada porque se lles dixo que o material para a instalación xa estaba encargado pero que do dito nada se sabe. Indicou que o goberno local estaba a incumplir un compromiso asumido no seu día diante dos veciños.



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000154

Serie A N.º 3177110

De seguido o Sr. Presidente someteu a **urxencia da moción a votación**, aprobándose por **unanimidade**.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP, mostrou un proxecto de instalación, dicindo que non só van a crear unha área do xogo na Cachada, parroquia de Nantes, senón que tamén van a instalar outro no parque do Espiñeiro en Portonovo. Rematou dicindo que o goberno local cumpre os seus compromisos.

Alegrouse a Sra. Rodríguez Búa de que a área para xogar á petanca sexa unha realidade pronto e que se anuncie unha segunda área (dixo que “cantas mais mellor”).

O Sr. Alcalde manifestou que ía rexeitarse a moción por innecesaria, xa que a instalación do parque era inminente.

Ao non se producir máis intervencións, o Sr. Presidente someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 06 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE , Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

**Abstencións: 0.**

En consecuencia, a moción non resultou aprobada.

Logo da votación a Sra. Rodríguez Búa, manifestou que o Alcalde segue a facer o mesmo que a exalcaldesa, a Sra. Catalina González Bea, que sempre rexeitaba as mocións dicindo que xa ía a realizar o que se solicitaba.

O Sr. Alcalde respondeulle lembrando que el tamén había estado gobernando coa Sra. González Bea, engadindo a Sra. Deza Martínez que “a moita honra”.

**3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE O TRÁFICO NA VILA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚM. 2020000789 DO 27/01/2020) : A Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG, deu lectura a moción que literalmente di:**

“Dna. Sandra Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Sanxenxo

EXPÓN:

Dende o Bloque Nacionalista Galego, xa a principios do mes de xullo, denunciábamos que as medidas adoptadas polo señor Martín e o seu grupo de goberno con respecto aos cambios de tráfico na vila de Sanxenxo non o ordenaban senón que remexían o tráfico obtendo un resultado peor.

Eses cambios sufridos con respecto ao tráfico rodado en Sanxenxo, sen ningún tipo de informe técnico que o sostente, dende o BNG xa o valoramos negativamente e á vista está que tamén foron unhas medidas mal recibidas polos usuarios e usuarias, con multitude de queixas.

Despois de todas as ocorrencias do señor Martín, e deixando claro que non ten un modelo urbano definido para



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓNS  
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000155

Serie A N.º 3177111



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS

Sanxenxo, segue improvisando creando máis caos innecesario polas rúas de Sanxenxo. As medidas adoptadas polo goberno municipal do Partido Popular está a crear moita máis retención de tráfico no ámbito urbano centro, pois non elimina a intensidade de tráfico nas rúas que existía antes, rúa Madrid e Silgar, senón que manteñen a intensidade de vehículos e estase a crear saturacións importantes de tráfico en rúas secundarias como Vidal Rocha e rúa Cesteiros, rúas que deberían ser espazos de convivencia peonil, e están a ter moita máis carga de tráfico saturando eses espazos coa inseguridade que iso pode ter para o peón, ademais de crear un embudo na intersección de avda Madrid con Cesteiros colapsando a única saída de todo o tráfico actual de Sanxenxo.

Dende o BNG xa advertimos da gran perigosidade que supón facer a rúa Vidal Rocha de baixada, unha rúa con unha pendente superior do 10% que neste momento está a soportar todo o peso do tráfico que entra cara Silgar, multiplicando exponencialmente non so os vehículos particulares senón tamén de camións de reparto e subministro de hostaleira, vehículos de certo tonelaxe obrigados a baixar por unha rúa con unha pendente moi pronunciada que desemboca nun paso de peón moi transitado.

Todos estes cambios tampouco beneficia ao tema do reparto de mercadorías, senón o contrario, mentres antes se podía facer o reparto lineal por Avda Madrid e Silgar, agora perderán moito tempo ao ter que realizar o reparto en varias fases, ter que percorrer máis rúas das necesarias saturando máis o tráfico e contaminando máis.

Agora topamonos que para acceder ao parking hai que ir ata unha punta da vila, e para saír do parking e se queres ir dirección Portonovo, Vilalonga ou vía rápida, tes que ir dar a volta á outra punta da vila, creando máis saturación de tráfico e maiores retencións. Un sinsentido!

Lamentablemente, meses máis tarde, vemos como todas as denuncias que ten feito o BNG estanse a cumprir, é máis, incluso con peores repercusións. Nestes meses estamos a vivir o peche continuado de locais comerciais, como na rúa Vidal Rocha, na que xa son maioría aplastante os locais comerciais que colgan o cartel de "se alquila". Tamén nos atopamos que un amplo grupo de comerciantes, hostaleiros e praceiros da vila de Sanxenxo que denuncian que dende que están instaurados estes cambios, os seus negocios sufriron moito economicamente, incluso denunciando que esta campaña de Nadal foi para eles nefasta, non recordando unha campaña de Nadal comercial tan mala economicamente para Sanxenxo.

Este grupo de comerciantes, hostaleiros e praceiros teñen solicitado de maneira urxente unha reunión con vostedes para solicitarlles entre outras cousas que o sentido da marcha nas rúas Avda de Madrid e Silgar sexa a mesma nas dúas rúas.

Dende o BNG xa o advertimos no momento que vostede tivo estas ocorrencias que está a saturar moito máis o tráfico rodado e que estas medidas eran totalmente contrarias á revitalización do comercio local.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes ACORDOS:

-Que se reúna coa maior brevidade posible cos comerciantes, hostaleiros e praceiros de todas as rúas que están a sufrir este caos no tráfico rodado para escoitar as súas demandas.

-Que de maneira inminente habilite un único sentido viario común nas rúas Avda de Madrid e Silgar que así remate cos viaxes innecesarios para poder entrar e saír do parking e poder dirixirse facilmente en todas as direccións sen necesidade de percorrer media vila creando máis saturación e contaminación. Sanxenxo, 27 de xaneiro de 2020."

En canto a urxencia da moción, explicou a **Sra. Fernández Agraso**, que un colectivo de comerciantes expúxolle a necesidade de manter unha reunión para "facer máis forza para resolver os problemas" e que esperou a presentar o texto da moción por indicacións dun representante de dito colectivo. Dixo que o primeiro parágrafo da moción xa está cumprido, pois xa coñecemos a data da reunión, pero que si é necesario e urxente debater a propia moción. Incidiu, a continuación, que 30 minutos de reloxo, parecíanlle poucos para estacionar nas rúas e realizar xestións ou compras.

A **Sra. Fervenza Celestino**, voceira do Grupo Municipal do PSdeGPSOE, manifestou que non lle quedaba clara se a dirección única que se propón e para todo o paseo da Praia de Silgar ou para parte do mesmo. Valorou a posibilidade de facer unha normativa de circulación para o verán e outra para o inverno.



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000156

Serie A N.º 3177112



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS

A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que en materia de tráfico xa opinou, no seu día, que as decisións de tráfico deben ser avaladas sempre por informes técnicos, engadindo que a problemática é real, e non deron resultado as decisións adoptadas este pasado verán. Rematou dicindo que o tráfico é un dos problemas que hai que atallar, que non lle convence a dualidade da que fala o PSOE, porque iso traería confusión, e que a moción do BNG lle parece xustificada.

A **Sra. Fernández Agraso**, indicou que non pode pormenorizar se a baixada dos vehículos é pola Rúa Vidal Rocha ou é por outra rúa alternativa, xa que iso correspóndelle aos técnicos, pero salientou o problema dos estacionamento, manifestando que a dificultade que entraña converter o paseo da Praia de Silgar en peonil, é a situación actual do aparcadoiro do porto deportivo. Rematou dicindo que os comerciantes trasladáronlle que este verán foille mal nos seus negocios.

A **Sra. Deza Martínez** manifestou que sorpréndelle a postura da concelleira nacionalista, pois só ve problemas no noso municipio, indicando que o outro día tivo que ir a Deputación de Pontevedra e para regresar a Sanxenxo case tivo que ir a Monteporreiro para saír da cidade. Recalcou que as medidas de tráfico lograron que en Silgar houbera menos vehículos o pasado verán, priorizándose sempre aos peóns. Volveu a referirse a Pontevedra, onde só teñen 15 minutos para ter o vehículo estacionado, pois senón hai que pagar nun aparcadoiro. Mostrou unha nota dos comerciantes de Sanxenxo no Diario de Pontevedra no que expoñen a súa satisfacción pola regulación do tráfico.

A **Sra. Fernández Agraso** dixo que a moción estaba clara e que hai que tratar de favorecer aos peóns, incidindo en que o erro foi construír o aparcamento de Nauta no porto deportivo, e que o gran responsable diso foi o Sr. Martín González.

A **Sra. Deza Martínez**, anunciou que a reunión cos comerciantes será o vindeiro mércores ás 14:00 horas.

A **Sra. Fernández Agraso** dixo que se os comerciantes estiveran contentos non habería reunión, preguntándose como había só 30 minutos para estacionar na Rúa Progreso, pois nese tempo no da tempo “nin para que che limpen o peixe no mercado”.

O **Sr. Alcalde** considerou imposible a dualidade de sentido de circulación verán-inverno, pola cuestión dos GPS (falou incluso de que consultou este tema con técnicos). Recalcou que a decisión do tráfico foi unha medida política e non técnica, porque o obxectivo foi sempre ter menos vehículos pola zona de Silgar, entendendo que agora é mais doado entrar en Sanxenxo aínda que é un pouco máis difícil saír. Seguiu a dicir, que nos anos oitenta houbo un concurso de ideas para soterrar a rúa da Praia de Silgar dende a Praza de Portugal, pero iso tería moita complexidade e tamén expuxo que ao porto non só van os vehículos para o aparcadoiro, senón tamén van pescadores, deportistas, ... Criticou a decisión do goberno anterior que “meteu os coches enriba da praza” e recalcou que moitos periodistas, “incluso de medios de esquerdas” manifestáronlle o seu apoio á medida. Recoñeceu que a obra da Rúa Progreso prexudicou aos comerciantes, pero non ao tema do tráfico, pois incluso lle dixo a algún “que lle trouxera a facturación” e aínda non lla trouxo ninguén. Á Sra. Fervenza Celestino, como concelleira nova na corporación, recomendoulle que non se deixe manipular polos comentarios, pois non houbo protestas senón cuestións particulares illadas. Rematou falando o alcalde do prexuízo que causan



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000157

Serie A N.º 3177113

os altos alugueres da rúa Vidal Rocha e das voltas que lle da para atopar unha solución que posibilite que todo o centro sexa peonil.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 06 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE , Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

**Abstencións: 0.**

En consecuencia, a moción non resultou aprobada.

Logo da votación, e falando de tráfico, a **Sra. Fervenza Celestino** lembrou unha antiga moción presentada sobre a vía rápida que non se debateu, preguntando se tiña que volver a presentala.-----

## **R O G O S :**

Formulou o primeiro rogo a concelleira do grupo mixto, a **Sra. Rodríguez Búa**, que solicitou unha mellor sinalización na zona do porto, a carón da capitanía marítima de Nauta, xa que na actualidade pode existir confusión por parte dos condutores. Recoñeceu a deficiencia o **Sr. Alcalde**, anunciando que sería corrixida.

Tamén a **Sra. Rodríguez Búa** reiterou (xa o fixo en setembro) que aínda continuaba abandonado na Adina o vehículo 6542BWC. O Sr. Leiro Otero, concelleiro de tráfico e de seguridade cidadá, manifestou que se está a tramitar a retirada.

## **PREGUNTAS :**

1º) A voceira do grupo PSdeG-PSOE, **Sra. Fervenza Celestino**, deu lectura ao seguinte escrito:

Existe una disconformidad en como se estan gestionando las escuelas deportivas municipales con los clubs que las imparten, estos clubs estan realizando una importante tarea de fomento del deporte de base.

Tras conversaciones con distintos clubs nos han manifestado todos los retrasos en los cobros de los convenios, y en la falta de transparencia en relación a los mismos.

El PSOE solicitó las copias de los convenios firmados por el Concello y los distintos Clubs, y a día de hoy estos no han sido entregados.

Sabiendo que estos convenios no se firman por adelantado sino que se firman una vez han terminado el año escolar, tenemos varias cuestiones relativas a esto:

- ¿Porqué se firman con posterioridad los convenios con los clubs al periodo de actuación objeto del contrato?

- ¿El seguro del Concello cubre unas actividades extraescolares promovidas por el Concello sin que estén firmados los convenios?



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000158

Serie A N.º 3177114

Contestou o concelleiro de servizos sociais, deportes e xuventude, o **Sr. Arosa Dasilva**, indicando que leva sete meses no cargo e que vai tentar axilizar a sinatura dos convenios, recoñecendo que na actualidade isto faise con retraso.

A voceira socialista, a **Sra. Fervenza Celestino**, incidiu de novo en que na actualidade os convenios se asinan unha vez realizadas xa as actividades e na cuestión de se os nenos e nenas teñen cobertura do seguro en ditas actividades.

O **Sr. Arosa Dasilva**, insistiu en que vai a haber axilidade na tramitación dos convenios e o **Sr. Alcalde** manifestou que dubidaba da cobertura do seguro no tempo no que os convenios permanecían sen asinar. Indicou que lle parccía que non, pero que sería un asunto a estudar.-----

2º) A voceira do grupo PSdeG-PSOE, **Sra. Fervenza Celestino**, deu lectura ao seguinte escrito:

““Uno de los compromisos electorales del actual gobierno, con el que estamos de acuerdo y por eso le instamos a que lo ejecute, era “CREAR EMPLEO”:

Según su propio programa electoral uno de los objetivos era “encher o parque empresarial de empresas que xeren emprego”.

El partido socialista quiere saber cuales son las actuaciones que este alcalde va a realizar para llenar el parque empresarial de empresas, que no sean como la Maestral, más alla de una reunión con AEMPE para promocionar los benelapicitos del parque empresarial.””

O **Sr. Alcalde** manifestou, que o primeiro que tiña que facer a concelleira socialista, é chamar ao Presidente do goberno, o Sr. Sánchez Pérez-Castejón, para que ingrese os 200.000.000 de euros que se adebedan a Galicia polo IVE de 2017, e así podería solicitar á Xunta que construíse a estrada Parque Empresarial – Vilalonga, e habería máis demanda das empresas. Tamén indicou que lle preocupaba bastante a composición do goberno da nación.

A voceira socialista, a **Sra. Fervenza Celestino**, manifestou que ela non viña ao pleno a falar de política estatal, como fai moitas veces o Sr. Alcalde para evitar contestar ás preguntas.

O **Sr. Alcalde** insistiu na débeda estatal, engadindo que coa incertidume que crea o actual goberno, estase a investir en Portugal, que compite moito con Galicia. Continuou dicindo que aínda quedan tres anos e catro meses de lexislatura, debéndose valorar a situación do polígono cando remate esta. Rematou dicindo que poñer en marcha o parque era unha necesidade dende hai tempo, e niso cumpriu o que anunciou.

Cambiou de tema o **Sr. Alcalde**, manifestando que aos poucos días de ocupar a alcaldía, o día 1 de xullo do 2017, presentouse en Madrid para entrevistarse có Sr. Rajoy Brey, para poñer en marcha as obras de catro paseos marítimos (Panadeira-Carabuxeira, Punta Vicaño, Portonovo-Canelas...) pero que coa moción de censura de 2018, Sanxenxo quedou sen paseos, e os proxectos están “nos caixóns dos despachos”. Rematou dicíndolle á concelleira socialista, que axude ao municipio diante do goberno central defendendo a Sanxenxo, sempre que llo permita o vicepresidente, o Sr. Iglesias.-----



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓNS  
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000159

Serie A N.º 3177115

3º) O **Sr. Otero Montes**, do **PSdeG-PSOE**, formulou a seguinte pregunta:

“Queremos saber quien autorizó el depósito de escombros procedentes de una obra delante de la casa de cultura de Dorrón, y cuando tienen pensado retirarla.”

O concelleiro de Medio Ambiente, o **Sr. Deza Otero**, manifestou que os escombros non proceden da obra de Rúa Progreso, senón de obras executadas na PO-308.

O concelleiro socialista, dixo que procedan de onde procedan, os escombros deben ser retirados.

O **Sr. Deza Otero**, indicou que o goberno local, non autorizou o depósito de residuos a carón da Casa Cultural de Dorrón, e que se está a investigar o tema.

O **Sr. Leiro Otero**, manifestou que hai que analizar a posibilidade de que algún propietario particular puidera autorizar o depósito de residuos na súa parcela.-----

4º) A **Sra. Caneda Prieto**, do grupo **PSdeG-PSOE**, formulou a seguinte pregunta:

“En el pleno de julio ya se habló de este tema y en el de septiembre este grupo le pregunto al gobierno de este Concello para cuando empezarian con las acciones destinadas a hacer de la Feria Multisectorial de Portonovo una Feria Artesanal, recordando que estas actuaciones necesitan un tiempo importante de anticipación puesto que los artesanos y las artesanas ya suelen estar comprometidos con anterioridad en otros lugares.

Queremos saber si realmente se estan haciendo actuaciones que se dirijan al cambio del contenido de la feria, y en caso de haberlas cuales son.

También nos gustaría saber si este año van a ser capaces de que la Feria se inaugure en la fecha que marca el propio contrato que el concello firma, y que nunca empieza por problemas generados en la propia administración por no realizar los tramites con mas anterioridad.”

O **Sr. Alcalde**, anunciou que non se ían a cometer os erros do pasado, realizándose os trámites legais coa antelación debida. Rematou dicindo que se está a traballar para que a feira teña éxito, e que, “vai a saír mellor que a do ano pasado”.

A **Sra. Deza Martínez**, informou que a autorización xa está solicitada.-----

5º) A **Sra. Caneda Prieto**, do grupo **PSdeG-PSOE**, formulou a seguinte pregunta:

“Queremos conocer el motivo y si cumple la normativa unas señales de tráfico que restringen el horario de aparcamiento a 90 minutos en las plazas reservadas a personas con discapacidad, o diversidad funcional.”

O **Sr. Alcalde** manifestou que poden fixarse mais prazas de estacionamento para os discapacitados, pero tamén indicou que está sempre en discusión o grao de minusvalía, pois ás veces persoas con menor grao utilizan as prazas por moito tempo e incluso utilízanse tarxetas indebidamente.

A **Sra. Fernández Agraso**, indicou que debe controlarse o mal uso das tarxetas de acompañantes, no caso de producirse.



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS





(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000160

Serie A N.º 3177116



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS

O **Sr. Alcalde** falou de que hai que cumprir coa legalidade neste punto, e así llo solicita á Policía Local. Indicou tamén que se da moita marxe horaria nos estacionamentos antes de sancionar a ninguén.

Preguntou entón a **Sra. Fervenza Celestino**, se entón existen “sinais paripé”.

O **Sr. Alcalde**, manifestou que de ser necesarias máis prazas para discapacitados, poñeríanse, incidindo de novo nos graos de minusvalía, e en evitar, que existan abusos por parte dalgúns usuarios.-----

6º) A **Sra. Fernández Agraso**, do grupo municipal do BNG, interesouse polo tramitación realizada para a demolición dunha edificación na Rúa Progreso, e preguntou se se aboaran os gastos de dita demolición.

A **Sra. Deza Martínez**, informou sobre o expediente dicindo que consta a declaración de ruína, a valoración técnica, o proxecto realizado por un arquitecto externo, a comunicación cós propietarios, a publicación nos boletíns oficiais, a execución subsidiaria, a dirección de obra e o custo da actuación (arredor de 47.000 €), engadindo que se vai reclamar o importe da actuación aos propietarios e que o expediente está a disposición para seren consultado, nas oficinas municipais, de ser preciso.-----

7º) A **Sra. Fernández Agraso**, do grupo municipal do BNG, interesouse polo cumprimento da sentenza da finca da familia Rocafort, manifestando que se están a xerar cada vez máis xuros polo tempo que transcorre sen cumprir a obriga do pago, instando a que se abone canto antes a cantidade fixada.

O **Sr. Alcalde**, manifestou que se pagará cando así conste nos informes técnicos e xurídicos, e cando a xustiza llo requira, anunciándose a presentación de recursos sempre que sexa posible.-----

8º) A **Sra. Fernández Agraso**, do grupo municipal do BNG, preguntou como se ía a solucionar a cuestión da situación do quiosco existente na Praza de Vilalonga, agora de titularidade municipal.

O **Sr. Alcalde**, contestou que o asunto ía solucionarse de acordo coa legalidade, indemnizando o Concello ao particular, en función do informe que está a piques de chegar.-----

9º) A **Sra. Fernández Agraso**, do grupo municipal do BNG, solicitou información sobre unha serie de concertos musicais anunciados, un deles do artista Sebastián Yatra.

O **Sr. Alcalde** manifestou que non coñece novas sobre o particular e que non existe nada asinado.



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 00016

Serie A N.º 3177117

A **Sra. Lago Martínez**, manifestou que coñece a intención de tres produtoras musicais, para organizar concertos, pero que neste intre non tiña nada confirmado.-----

**10º) A Sra. Fernández Agraso**, do grupo municipal do BNG, preguntou ao Sr. Arosa Dasilva, que entende por axilidade na tramitación dos convenios das escolas deportivas e se se ían a tramitar por concorrencia competitiva.

O **Sr. Arosa Dasilva**, manifestou que actuará cumprindo o contido dos informes.

A **Sra. Fernández Agraso**, dixo que nos sete meses que leva no cargo o concelleiro de servizos sociais, deportes e xuventude, pouco fixo na axilización, contestando o **Sr. Arosa Dasilva**, que aínda lle quedan tres anos “e pico” no cargo.-----

**11º) A Sra. Fernández Agraso**, do grupo municipal do BNG, preguntou ao Sr. Arosa Dasilva se houbera reunións co servizo de axuda no fogar para tratar da súa problemática, manifestando o **Sr. Arosa Dasilva** que falou en numerosas ocasións con varias das traballadoras e que poden chamalo cando queiran porque está dispoñible as 24 horas do día.-----

**12º) A derradeira pregunta da Sra. Fernández Agraso**, do grupo municipal do BNG, foi: “Que fixo vostede a prol de Sanxenxo cando estivo de deputado no Congreso?”.

O **Sr. Alcalde**, citou entrevistas con outros deputados e xestións coa Presidencia do Goberno, dicindo que fixera “moitas cousas”, incluso afirmou que é beneficioso, que o Rei Emérito, Juan Carlos I, estea a pasar tempadas en Sanxenxo.-----

**13º) A Sra. Rodríguez Búa**, voceira do grupo mixto, preguntou que ocorría cun expediente de 2016 da Comunidade de Regantes de Contumil, Nantes, de ampliación dun edificio para un andar a maiores. Afirmou que hai informes favorables e que non entende como non hai ningún tipo de comunicación aos solicitantes e tamén porque non se resolve.

O **Sr. Alcalde** manifestou que dende 2016 ata mediados do 2017, a Sra. Rodríguez Búa, tiña responsabilidades de goberno, preguntándose porque ela non resolvera este asunto. Tamén dixo que comunicacións por escrito non houbo, pero si moitas reunións có colectivo. Rematou dicindo que de haber informes favorables, o expediente resolveríase en febreiro, pero deixando claro que os informes das licenzas urbanísticas sempre teñen que ser internos.-----

**14º) A Sra. Rodríguez Búa**, voceira do grupo mixto, preguntou cando ían a rematar as obras no local do Clube de Piragüismo en Portonovo.

O **Sr. Alcalde** manifestou, que salvo algún pequeno detalle, as obras están rematadas e que tamén en febreiro estará todo solucionado.-----



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓN  
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000162

Serie A N.º 3177118

15º) A **Sra. Rodríguez Búa**, voceira do grupo mixto, lembrando unha moción presentada sobre o tráfico na vila, interesouse por se as decisións de tráfico están avaladas ou non polos informes dos técnicos.

O **Sr. Alcalde**, manifestou que el nunca mentiu neste tema, recoñecendo que el traballa “a súa maneira”, e que as decisións en materia de tráfico son políticas.

A **Sra. Rodríguez Búa**, insistiu en que as decisións en materia de tráfico deben ser sempre adoitadas e precedidas por informes dos técnicos.

O **Sr. Presidente**, manifestou, que de tódolos xeitos, os informes poden ser verbais e que incluso moitos especialistas o felicitaran polas decisións adoitadas.

A **Sra. Deza Martínez**, indicou que nas decisións de tráfico non houbera nada ilegal.-----

16º) A **Sra. Rodríguez Búa**, voceira do grupo mixto, preguntou pola problemática que representa a liña continua que imposibilita o cambio de sentido na Rúa Progreso.

O **Sr. Alcalde**, manifestou que se habían realizado xestións coa Xunta para sinalizar algún pequeno tramo de descontinuidade, pero debido ao grande número de pasos de peóns, resulta imposible e así, os vehículos teñen que cambiar de sentido nas glorietas. Rematou dicindo que agora é cando se pide unha estrada de circunvalación, lembrando o Sr. Presidente, que a súa proposta de hai anos fora rexeitada no seu día.-----

17º) A **Sra. Rodríguez Búa**, voceira do grupo mixto, preguntou por que a Rúa Cesteiros é na actualidade un “baile de liñas de cores”, debido a liñas de carga e descarga, zona azul, parada de taxis, etc.

O **Sr. Alcalde** dixo que, a pesares de provocarse certa confusión, esta vía é un “pequeno escape” para estacionar e realizar algunha pequena xestión ou compra. Xustificou tamén que mudaran as paradas de taxi, feito que para el foi positivo.-----

18º) A **Sra. Rodríguez Búa**, voceira do grupo mixto, tamén se preguntou se ía a haber unha reunión do Alcalde coas traballadoras do servizo de axuda no fogar.

O **Sr. Alcalde**, contestou que os contactos coas traballadoras do servizo de axuda no fogar, realizábanse a través da coordinadora do servizo, a Sra. Carolina Ferro, puntualizando que na súa opinión é unha excelente traballadora. Seguiu dicindo que na actualidade, a pesares de necesitarse máis persoal, hai problemas por non atoparse persoas coa titulación exixida, algo que ao parecer non ocorre nas empresas privadas. Rematou dicindo que se está a traballar noutro plan, con outras alternativas (non se podían adiantar polo momento, á espera de informes xurídicos) e con mellores condicións económicas para o concello e para as familias, pois para o concello non é defendible recibir, por parte da Xunta de Galicia, nove euros con setenta céntimos por hora de traballo, cando logo na práctica, o servizo ten un custe de case vinte euros por hora.-----



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓNS  
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 000163

Serie A N.º 3177119

19º) A **Sra. Rodríguez Búa**, voceira do grupo mixto, preguntou se se ía reunir ou non coas traballadoras, manifestando o **Sr. Alcalde**, que xa explicou que iso correspóndelle á coordinadora, e que non tiña, por outra parte, ningunha solicitude de reunión.-----



PAPEL NUMERADO  
CORPORACIÓNS  
LOCAIS

Sendo as vinte e dúas horas e cincuenta minutos, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**